# MEMORIA DE ACTIVIDADES FINANCIADAS
# A CARGO DO PACTO DE ESTADO 2022

Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte

Oficina para a Igualdade de Xénero

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Pacto de Estado contra la violencia de género

GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE IGUALDAD

galicia Xacobeo 2021 XUNTA DE GALICIA

# Contido

1. INTRODUCIÓN....3

2. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 1: RUPTURA DO SILENCIO: SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN .5

a. Deseño e posta en marcha do programa formativo en materia de igualdade, educación afectivo-sexual, diversidade e non discriminación para o alumnado da UDC ....5

b. Programa formativo en materia de igualdade para o alumnado cativo da UDC ....7

c. Deseño e posta en marcha do programa formativo en materia de igualdade, educación afectivo-sexual, diversidade e non discriminación para o profesorado da UDC.... 11

d. Accións formativas en relación coa perspectiva de xénero na docencia universitaria (Medida 1.1.4) 12

e. Premios aos traballos académicos (TFG, TFM, teses) con perspectiva de xénero (medida 1.1.4) .... 12

f. Campañas de difusión a través de diversos soportes: cartelaría e folletos, redes sociais e, en xeral, as TIC (medida 1.2.26) .... 13

g. Accións formativas para o alumnado sobre o uso adecuado das novas tecnoloxías e os nesgos sexistas e as violencias de xénero que existen nas redes sociais (medida 1.2.34) .... 17

3. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 5: IMPULSO DA FORMACIÓN QUE GARANTE A MELLOR RESPOSTA ASISTENCIAL .... 17

h. Organización de cursos e xornadas de formación orientadas a alumnado e profesorado das titulacións relacionadas co ámbito do audiovisual, ademais de a xornalistas (medida 5.224) .... 17

4. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 8: VISUALIZACIÓN E ATENCIÓN A OUTRAS FORMAS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.... 17

a. Organización da I Xornada de Submisión química e Violencia machista (medida 8.255).... 17

b. Concurso de creacións artísticas para a prevención do acoso e para dar publicidade ao protocolo de actuación ante situacións de acoso sexual, por razón de sexo, por orientación sexual e identidade ou expresión de xénero (medida 8.254) .... 20

c. Encontros participativos para a elaboración do novo Protocolo fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo da UDC (medida 8.254) .... 21

d. Diagnose do II Plan de Igualdade (medida 8.255).... 23

5. LISTAXE DE ANEXOS .... 24

# 1. INTRODUCIÓN

Nesta memoria preséntanse as actividades financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade) incluídas no Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e a Universidade da Coruña.

Estas actuación encádranse nos diferentes obxectivos definidos no Documento refundido final do Pacto de Estado (PE) contra a violencia de xénero, en concreto nos seguintes eixes e medidas:

## EIXE 1: RUPTURA DO SILENCIO: SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN

- **Medida 1.1.3.** Reforzar e ampliar, en materia de educación, os valores igualitarios e a educación afectivo-sexual obrigatoria en todos os niveis educativos, e fomentar que estes se enfoquen de forma integral (aspectos fisiolóxicos e afectivo-emocionais).
- **Medida 1.1.4.** Incluír, en todas as etapas educativas, a prevención da violencia de xénero, o machismo e as condutas violentas, a educación emocional e sexual e a igualdade, o valor da diversidade e a tolerancia.
- **Medida 1.1.15.** Ofertar nos programas de formación permanente do profesorado un programa específico de prevención e loita contra a violencia de xénero.
- **Medida 1.2.26.** Realizar campañas que teñan como público obxectivo a mocidade, utilizando preferentemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
- **Medida 1.2.34.** Formar a mocidade sobre o uso axeitado e crítico de Internet e das novas tecnoloxías, especialmente na protección da privacidade e sobre os ciberdelitos (axexo ou *stalking,* mensaxaría sexual ou *sexting,* ciberengado de menores ou *grooming* etc.).

## EIXE 5: IMPULSO DA FORMACIÓN QUE GARANTE A MELLOR RESPOSTA ASISTENCIAL

- **Medida 5.224.** Impulsar a formación especializada en violencia de xénero para os/as profesionais dos medios de comunicación.

## EIXE 8: VISUALIZACIÓN E ATENCIÓN A OUTRAS FORMAS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

- **Medida 8.255.** Fomentar a investigación en violencias sexuais: estudos diagnósticos, desenvolvemento estatístico, unificación de datos e publicidade destes. Realizar estudos de prevalencia e o deseño de indicadores para todos os tipos de violencias sexuais.

- **Medida 8.254**. Deseñar programas de prevención, detección e protocolos especializados, ou actualizar os existentes en atención e actuación, para os adaptar ás especificidades das diferentes violencias sexuais. Desenvolver protocolos de intervención e detección precoz en todos os ámbitos educativos.

# 2. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 1: RUPTURA DO SILENCIO: SENSIBILIZACIÓN E PREVENCIÓN

## *a. Deseño e posta en marcha do programa formativo en materia de igualdade, educación afectivo-sexual, diversidade e non discriminación para o alumnado da UDC*

O programa de formación denominouse Plan de formación en igualdade de xénero (PFOIX). En colaboración co Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) da Universidade da Coruña (UDC) ofertáronse oito cursos para o alumnado con diferentes temáticas, con especial atención ao alumnado das facultades de Ciencias da Educación, Ciencias da Comunicación, Dereito e Ciencias da Saúde, que están expresamente mencionadas no Pacto de Estado.

Cinco dos cursos foron ofertados exclusivamente para o alumnado dos distintos graos de Ciencias da Educación e Ciencias do Deporte, así como para o alumnado do Mestrado Universitario en Profesorado de ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas, coa intención de reforzar a formación en igualdade das persoas que no futuro serán mestres e mestras.



Aínda que a meirande parte dos curso foron con docencia presencial, houbo algúns nos que se optou por modalidades de docencia mixta (unha parte presencial e outra virtual) ou 100% virtual (con clases síncronas a través do programa Teams).

Na táboa 1 figura un resumo dos cursos ofertados, co número de asistentes e a medida específica do PE que abarca cada curso. Ademais, no anexo I inclúense as fichas coa información estendida da temática que se tratou en cada un deles.

| Descrición | Profesorado | Medida PE | Datas | Duración | Lugar e modalidade | Ámbito | Prazas | Asist. | M (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Análise de xénero na investigación | Capitolina Díaz e M. Teresa Samper | **1.1.3 1.1.4** | 16 e 17 xuño a 24 xullo | 20 h | Moodle e Teams En liña | Alumnado de doutoramento | 15 | 6 | 60% |
| Claves para educar en igualdade desde unha perspectiva interseccional e previr a violencia de xénero | Tania Merelas Iglesias | **1.1.3 1.1.4** | 26, 27 e 28 de setembro | 8 h | Facultade de Ciencias da Educación Presencial | Alumnado do grao en Educación Infantil | 30 | 5 | 80% |
| Claves para educar en igualdade desde unha perspectiva interseccional e previr a violencia de xénero | Tania Merelas Iglesias | **1.1.3 1.1.4** | 3, 4 e 7 de outubro | 8 h | Facultade de Ciencias da Educación Presencial | Alumnado do grao en Educación Social | 30 | 5 | 100% |
| Violencias sexuais desde a perspectivas das mulleres e dos varóns | Cristina Bajo Enríquez e Antonio Cañás Varela | **1.1.3 1.1.4** | Do 3 ao 16 de outubro e do 4-5 outubro | 10 h | Teams e Campus Virtual En liña | Alumnado | 30 | 9 | 100% |
| Violencia dixital de xénero: da prevención á responsabilidade penal | Natalia Pérez Rivas | **1.1.4 1.2.34** | 8, 10, 14,17 e 22 de novembro | 10 h | Teams e Campus Virtual En liña | Alumnado | 100 | 28 | 78,6% |
| Claves para educar en igualdade desde unha perspectiva interseccional e previr a violencia de xénero | Tania Merelas Iglesias | **1.1.3 1.1.4** | 18, 19 e 20 de outubro | 8 h | Facultade de Ciencias da Educación Presencial | Alumnado do grao en Educación Primaria | 30 | 4 | 100% |
| Coeducación emocional: educación, emocións e igualdade como ferramenta de transformación | Almas Meraki | **1.1.3 1.1.4** | 3,4,5 outubro. Moodle 1-15 outubro. | 16 h | Presencial/Campus Virtual. En liña | Alumnado da Facultade de Ciencias da Educación | 30 | 6 | 100% |
| Sexo, amor e masculinidades: Falemos os homes | Xosé Cabido Pérez | **1.1.3 1.1.4** | 17, 20 e 27 outubro | 10 h | Facultade de Ciencias da Educación Presencial | Alumnado | 30 | 4 | 75% |

| Descrición | Profesorado | Medida PE | Datas | Duración | Lugar e modalidade | Ámbito | Prazas | Asist. | M (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A coordinación do benestar e da protección desde un enfoque de xénero | As Do Social | **1.1.3 1.1.4** | 8,9 e 10 de novembro | 8h | Facultade de CC. da Educación. Presencial | Alumnado | 30 | 15 | 90% |

*Táboa 1. Cursos ofertados ao alumnado*

## *b. Programa formativo en materia de igualdade para o alumnado cativo da UDC*

Dada a problemática que existe nos cursos optativos de formación en igualdade e prevención da violencia machista, onde se matriculan fundamentalmente mulleres, este curso realizáronse unha serie de pílulas informativas de 1-2 h para a sensibilización do alumnado dentro das aulas en horario de clase.

Púxose especial atención na formación do alumnado en graos moi masculinizados, para chegar a máis porcentaxe de mozos, e tamén nos cursos do grao en Comunicación Audiovisual.



# Comunicar en igualdade




*Figura 1. Carteis das pílulas formativas destinadas ao público cativo*

En concreto, as actuacións formativas foron as seguintes:

| Descrición | Profesorado | Medida PE | Datas | Duración | Lugar e modalidade | Ámbito | Prazas | Asist. | M (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Tratamento informativo sobre a violencia de xénero | Patricia Faraldo Cabana | **1.1.3 1.1.4 5.224** | 3 de outubro | 2 h | Facultade de Ciencias da Comunicación Presencial | Alumnado do grao en Comunicación Audiovisual | 33 | 33 | 60% |
| Hacia una comunicación inclusiva | Alejandra Chacón | **1.1.3 1.1.4 5.224** | 29 de setembro e 3 de outubro | 8 h | Facultade de Ciencias da Comunicación Presencial e en liña | Alumnado de 2.º do grao en Comunicación Audiovisual | 58 | 58 | 44% |
| Obradoiro de creación de memes feministas | Natalia Sueiro Monje | **1.1.3 1.1.4 5.224** | 4 de outubro | 2 h | Facultade de Ciencias da Comunicación Presencial | Alumnado de 1.º do grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos | 58 | 58 | 61% |
| Obradoiro de creación de memes feministas | Natalia Sueiro Monje | **1.1.3 1.1.4 5.224** | 4 de outubro | 2 h | Facultade de Ciencias da Comunicación Presencial | Alumnado de 1.º do grao en Comunicac. Audiovisual | 48 | 48 | 61% |
| A igualdade de xénero desde a transformación persoal | Almas Meraki | **1.1.3 1.1.4** | 28-30 de setembro e 1 de outubro | 12 h | ETS de Náutica e Máquinas Presencial | Alumnado do 1.º curso de grao | 57 | 38 | 31% |

| Descrición | Profesorado | Medida PE | Datas | Duración | Lugar e modalidade | Ámbito | Prazas | Asist. | M (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A igualdade de xénero desde a transformación persoal | Almas Meraki | **1.1.3 1.1.4** | 20-21 de outubro | 8 h | ETS de Náutica e Máquinas Presencial | Alumnado do 2.º curso de grao | 32 | 9 | 22% |
| A igualdade de xénero desde a transformación persoal | Almas Meraki | **1.1.3 1.1.4** | 3 de outubro | 4 h | Facultade de Informática Presencial | Alumnado do grao en Estrutura de Computadores | 14 | 14 | 21% |
| A igualdade de xénero desde a transformación persoal | Almas Meraki | **1.1.3 1.1.4** | 4 de outubro | 3 h | Facultade de Informática Presencial | Alumnado do grao en Sistemas de Información | 18 | 18 | 22% |
| A igualdade de xénero desde a transformación persoal | Almas Meraki | **1.1.3 1.1.4** | 8 de setembro | 4 h | Facultade de Camiños Presencial | Alumnado do 1º curso grao en Camiños-xornada de presentación | 70 | 70 | 2% |
| A mirada violeta | As Do Social | **1.1.3 1.1.4** | 20 e 21 de setembro | 4 h | Escola Politécnica de Enxeñaría Presencial | Alumnado de 3.º do grao en Tecnoloxías Industriais | 25 | 25 | 12% |
| Comunicar en Igualdade | As Do Social | **1.1.3 1.1.4** | 27 de setembro | 2 h | Escola Politécnica de Enxeñaría Presencial | Alumnado de 3.º do grao en Tecnoloxías Industriais | 25 | 25 | 12% |
| A mirada violeta | As Do Social | **1.1.3 1.1.4** | 20 e 27 de setembro | 4 h | Escola Politécnica de Enxeñaría Presencial | 2º Curso do Grao en Enxeñaría Mecánica. | 32 | 32 | 15% |
| Comunicar en Igualdade | As Do Social | **1.1.3 1.1.4** | 4 outubro | 2 h | Escola Politécnica de Enxeñaría Presencial | 2º Curso do Grao en Enxeñaría Mecánica | 32 | 32 | 15% |

| Descrición | Profesorado | Medida PE | Datas | Duración | Lugar e modalidade | Ámbito | Prazas | Asist. | M (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A mirada violeta | As Do Social | **1.1.3 1.1.4** | 22 e 29 de setembro | 3 h | Escola Politécnica de Enxeñaría Presencial | 2º Curso do Grao en Tecnoloxías Industriais. | 25 | 25 | 20% |
| Comunicar en Igualdade | As Do Social | **1.1.3 1.1.4** | 6 outubro | 2 h | Escola Politécnica de Enxeñaría Presencial | 2º Curso do Grao en Enxeñaría Mecánica | 25 | 25 | 20% |
| Comunicar en igualdade | As Do Social | **1.1.3 1.1.4** | 7 a 14 de outubro | 7,5 h | Fac. de Economìa e Empresa. Presencial | Alumnado de 2.º do grao en Economía e Empresa | 59 | 59 | 41% |
| Coeducación emocional | Almas Meraki | **1.1.3 1.1.4** | 14, 16, 21,23 de febreiro e 7 de marzo. | 16h | Fac. C. Deporte e a Ed. Física. Presencial | Alumnado do grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte | 30 | 28 | 85% |
| Igualdade de Xénero dende a transformación persoal | Almas Meraki | **1.1.3 1.1.4** | 3 Outubro | 4h | Facultade Informática | Alumnado Grao Estructura de computadores | 14 | 14 | 5% |
| Igualdade de Xénero dende a transformación persoal | Almas Meraki | **1.1.3 1.1.4** | 4 Outubro | 3h | Facultade Informática | Alumnado Grao Sistemas de Información | 18 | 16 | 1% |
| Coeducación emocional | Almas Meraki | **1.1.3 1.1.4** | 11, 13, 18, 20 e 25 de outubro | 16h | Fac. C. Deporte e a Ed. Física. Presencial | Alumnado do grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte | 30 | 39 | 83% |

*Táboa 2. Cursos de igualdade para o público cativo*

A valoración da formación realizada polo alumnado foi moi positiva, pois puntuou con notas moi altas os contidos tratados nos cursos (unha parte do curso dedicouse a falar de masculinidades non hexemónicas) e as metodoloxías elixidas, moi dinámicas e participativas.
A estratexia de público cativo foi nun primeiro lugar algo complexo, polas posibles reticencias do alumnado, pero as dinámicas levadas a cabo deron como lugar unha participación elevada. O alumnado veu a necesidade e a valía deste tipo de formacións.

As pílulas constaban de dúas sesións unha primeira dirixida a un grupo máis amplo sobre 40 participantes e unha segunda dirixida a grupos máis pequenos, sobre 15 persoas.

Na primeira sesión afondouse sobre as propias relacións dentro da aula, permitindo que puidesen coñecerse dende un lugar máis persoal, xerando así un espazo de seguridade para poder afondar nas identidades de xénero e as emocionalidades cas atravesan. Dándolle o marco revolucionario e feminista que implica atender esta dimensión das relacións no contexto universitario. Na segunda sesión, xa nos grupos pequenos, se achegaron ás experiencias máis persoais de cada unha das persoas participantes traballando as marcas das identidades patriarcais nas súas vidas, cun especial foco na masculinidade hexemónica.

O nivel de apertura e reflexión sobre os temas tratados lévanos a pensar que estas Pílulas foron unha experiencia positiva para o alumnado asistente.

### *c. Deseño e posta en marcha do programa formativo en materia de igualdade, educación afectivo-sexual, diversidade e non discriminación para o profesorado da UDC*

O programa de formación denominouse Plan de formación en igualdade de xénero (PFOIX). En colaboración co Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) da UDC ofertáronse tres cursos para o profesorado, con diferentes temáticas. Na programación dos cursos incidiuse na formación enfocada á incorporación da perspectiva de xénero nas guías docentes das materias dos diferentes graos, na formación para a atención ás vítimas de acoso sexista e á formación no ámbito do tratamento da información nos medios sobre as violencias machistas.
Na táboa 3 faise un resumo dos cursos ofertados, co número de asistentes e a medida específica do PE que abarca cada curso. Ademais, no anexo II inclúense as fichas coa información estendida da temática que se tratou en cada un deles.

| Descrición | Profesorado | Medida PE | Datas | Duración | Lugar e modalidade | Ámbito | Prazas | Asist. | M (%) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Análise de xénero na investigación | Capitolina Díaz e M. Teresa Samper | **1.1.15** | 16 e 17 xuño a 24 xullo | 20 h | Teams E Campus Virtual En liña | PDI | 15 | 12 | 75% |
| Atención ao acoso sexual e sexista, por orientación sexual ou extensión de xénero na UDC. | Aitziber Bañuelos Ganuza | **1.1.15** | 1-31 outubro. Sincronas 4, 11 e 18 outubro | 12 h | Teams E Campus Virtual En liña | PDI | 30 | 20 | 85% |
| Formación en xénero para a docencia universitaria | Ana Jesús Lòpez Díaz/ Eva Aguayo/ María Carreiro | **1.1.15** | 5,19 e 26 outubro 3-31 outubro | 12 h | Teams e Campus Virtual En liña | PDI | 30 | 8 | 87% |

*Táboa 3. Cursos ofertados ao profesorado*

### *d. Accións formativas en relación coa perspectiva de xénero na docencia universitaria (Medida 1.1.4)*

Co obxetivo de fomentar a inclusión da perspectiva de xénero nas materias das distintas titulacións que se imparten na Universidade da Coruña, este ano completouse a colección de Guías en galego para unha docencia con perspectiva de xénero con seis guías novas, traducindo e maquetando as guías xa editadas pola Xarxa Vives Universitat, sobre as especialidades de Arquitectura, Antropoloxía, Comunicación, Enxeñaría Industrial, Enfermaría e Matemáticas. Esta actividade foi realizada en conxunto coas oficinas das tres universidades do SUG para acadar unha maior difusión.

As guías xa traducidas e maquetadas están a disposición da comunidade universitaria na páxina web da Oficina para a Igualdade de Xénero (https://bit.ly/3VphRRA).

### *e. Premios aos traballos académicos (TFG, TFM, teses) con perspectiva de xénero (medida 1.1.4)*

Como todos os anos, convocouse o concurso para premiar os mellores traballos de fin de grao ou mestrado con perspectiva de xénero. Na décima edición dos premios Ángeles Alvariño, foron premiados dez traballos que destacaron pola súa calidade e orixinalidade, ademais da acertada metodoloxía que se usou para incluír os aspectos de xénero en temáticas moi diferentes. No anexo III inclúese a convocatoria e a acta do xurado coa

resolución dos premios. Por outra banda, a entrega de premios realizouse no acto organizado polo 25 de novembro, onde as persoas premiadas falaron dos aspectos máis destacables dos seus proxectos (véxase o programa do acto oficial).




*Figura 2. Cartel do X Concurso Ángeles Alvariño*

## *f. Campañas de difusión a través de diversos soportes: cartelaría e folletos, redes sociais e, en xeral, as TIC (medida 1.2.26)*

Durante este período fixéronse dúas campañas de difusión:

- **Xornada de Benvida para o Alumnado da UDC (15/09/2022)**

Como o curso pasado, aproveitouse a xornada de benvida dirixida ao novo estudantado da UDC para dar a coñecer a Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX), así como para informar sobre os distintos tipos de acoso e a existencia dun protocolo contra o acoso da nosa universidade. Colocáronse dous puntos informativos: un na praza da Facultade de Humanidades e Documentación, no campus de Ferrol, en horario de 11 a 14 h; e outro no Estadio Universitario, no campus de Elviña, de 12:00 a 14:30 h e de 15:30a 18:00 h. Atendéronse a mais de 800 persoas (550 no Campus da Coruña e 250 no Campus de Ferrol) durante esta xornada.
Achéganse as fotos do evento.




*Figura 3. Fotografías da xornada de benvida no Campus de Ferrol e no Campus de Elviña*

## – Campaña de difusión DESLÍGATE III para sensibilizar o alumnado sobre as violencias de xénero nos ámbitos deportivos

Nesta ocasión publicouse o terceiro número do noso xornal DESLÍGATE. Como en anos anteriores, trátase dunha campaña onde se simula un xornal deportivo, coa finalidade de mostrar novas sobre a muller no deporte tanto no que respecta aos logros deportivos, que moitas veces quedan invisibilizados, como no tocante ás situacións de violencia sexual e acoso que sofren neste ámbito.




*Figura 4. Portada do xornal para sensibilizar o alumnado sobre as violencias de xénero no deporte*

Este terceiro número, ten os seguintes contidos:

● Proxecto Rompendo Regras: Educación sobre unha menstruación saudable e sostible co medio ambiente.

● Entrevistas ás coordinadoras dos puntos violeta dos campus.

● Xornada de sensibilización e prevención da violencia sexual na mocidade: Exposición de traballos académicos en materia de violencia nos campus.

● Mudar a Masculinidade. Entrevista a Pepe Cabido, docente especialista en Novas Masculinidades

• Entrevista con coordinadoras de igualdade das Facultades de Informática ou Camiños.

A FONDO…

● Podcast Loca yo? Tips sobre saúde mental

NA MODA…

● Desigualdades no grao de xestión industrial da moda (Campus Ferrol)

ARTIGO DE OPINIÓN

- Violencias dixitais

● SUBMISIÓN QUÍMICA. Falan as expertas en prevención, detección e tratamento das vítimas

● X Edición dos Premios Ángeles Alvariño

○ Guía sobre feminismos, xénero e igualdade.

## – Tradución ao inglés de parte da páxina web da OIX UDC

Coa finalidade de dar a coñecer os recursos dos que se dispón dende a Oficina para a igualdade de Xénero de maneira accesible a toda a comunidade universitaria da UDC, incluído o alumnado Erasmus e o profesorado invitado procedente doutros países, parte do texto traduciuse á lingua inglesa

A OFICINA >> ESTRUTURA | QUE FACEMOS? | CONTACTO | REPRESENTANTES DE IGUALDADE | MARCO LEGAL

### Office for Gender Equality (OIX)

The creation of the Office for Gender Equality (OIX), which is now affiliated with the Office of the Vice-Recorate for Equality, Culture and Sport, was approved at the meeting of the Governing Council on 14 December 2006. The OIX has been operational since 10 March 2007.

The UDC anticipated the regulations imposed by Organic Law 4/2007, of 12 April 2007, which inserts an additional twelfth provision into the Organic Law on Universities (LOU). This provision, under the heading "Equality Units", states that "universities shall have equality units among their organizational structures to develop functions related to the principle of equality between women and men".



### What do we do?

**What is our mission?**

The Office for Gender Equality's mission is to ensure compliance with the principle of equality between women and men in order to achieve the full incorporation of women into the political, cultural and scientific life of the UDC.

**What is our vision?**

Our ultimate goal is to achieve more equal teaching, learning, research and professional activity. We also look to prevent any gender discrimination that may appear at the UDC and in its social and cultural environment.

**What services do we offer?**

1. The promotion of studies on gender issues at the UDC.
2. Support for the introduction of the gender perspective in the different areas of knowledge through the promotion of training and research on gender issues.
3. Dissemination, awareness-raising and outreach activities on gender equality.
4. The development of actions that guarantee equal conditions for the access and promotion of women and men in teaching and research activity, as well as in the professional and representative activities of the UDC.
5. Collaboration with Galician, state and international administrations and institutions with the goal of achieving gender equality.
6. Identify, inform and, if necessary, mediate possible conflicts due to gender discrimination in the academic and professional activity of the UDC.
7. Serve as an observatory of gender issues at the UDC.

*Figura 5. Páxina web da OIX en língua inglesa*

### *g. Accións formativas para o alumnado sobre o uso adecuado das novas tecnoloxías e os nesgos sexistas e as violencias de xénero que existen nas redes sociais (medida 1.2.34)*

Dentro dos cursos ofertados para o alumnado (véxase a táboa 1), o titulado «Sexualidade(s) 5G: retos e posibilidades nas relacións *posmillenial*» estudaba a temática das violencias de xénero e as novas tecnoloxías. Pola súa vez, no curso «Violencia dixital de xénero: da prevención á responsabilidade penal» falouse de distintos tipos de violencias como o ciberaxexo *(ciberstalking)*, a instalación de sistemas espía en dispositivos dixitais, a mensaxaría sexual *(sexting),* o ciberengado de menores *(grooming)*, a extorsión sexual *(sextortion)* etc. Os cursos tiveron moi boa acollida e cabe destacarmos a avaliación moi positiva que recibiron por parte do alumnado que asistiu.

## 3. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 5: IMPULSO DA FORMACIÓN QUE GARANTE A MELLOR RESPOSTA ASISTENCIAL

### *h. Organización de cursos e xornadas de formación orientadas a alumnado e profesorado das titulacións relacionadas co ámbito do audiovisual, ademais de a xornalistas (medida 5.224)*

Dentro do Plan de formación en igualdade de xénero (PFOIX), organizáronse varios cursos específicos nesta temática dirixidos ao alumnado da Facultade de Ciencias da Comunicación (véxase a táboa 2). Nos cursos «Tratamento informativo da violencia de xénero e da igualdade» e «Comunicar en igualdade», así como no «Obradoiro de creación de memes feministas», falouse sobre os nesgos e a discriminación que moitas veces atopamos nas noticias difundidas sobre casos de violencia machista e acoso sexual.

## 4. ACTIVIDADES CORRESPONDENTES AO EIXE 8: VISUALIZACIÓN E ATENCIÓN A OUTRAS FORMAS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

### *a. Organización da I Xornada de Submisión química e Violencia machista (medida 8.255)*

A xornada organizouse o 31 de marzo do 2022 en formato en liña, coma un foro no que reunir a persoas expertas en diferentes temas relacionados con este tipo de violencias sexuais. Estructurouse coma catro ponencias nas que interviron as seguintes expertas:

-Violencia sexual e submisión química: poder e patriarcado por María Lameiras Fernández. Catedrática Área de Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos, na especialidade de Estudos de Xénero e sexualidade da UVigo. Lidera o grupo de investigación “Saude, sexualidade e xénero” desde 1996. Foi vicerreitora da UVigo entre 2010 e 2014. Actualmente dirixe un proxecto de investigación titulado “El acoso sexual a través de los comentarios sobre el cuerpo (piropos) en las relaciones interpersonales: acciones y estrategias para el cambio” na que aborda os diferentes tipos de acoso sexual.

-As substancias de submisión química: mitos e realidades. Angelines Cruz Landeira. Licenciada e Doutora en Medicina. É Catedrática de Toxicoloxía na USC. con unha ampla traxectoria investigadora ligada a Toxicoloxía Analítica, en relación con la detección de sustancias de abuso e outros tóxicos en diferentes contextos, incluida a detección de casos de submisión química. Traballa no Grupo de investigación FORTOX, Grupo pioneiro na investigación dos casos de Submisión Química en España.

- Probas para detectar drogas de submisión química. Empar Vengut i Climent. É licenciada en Farmacia, doutora en Química e investigadora no grupo ScienceFlows da Universitat de València, onde estuda a percepción social da ciencia e a saúde. Actualmente forma parte do equipo do proxecto NoSUM (Deseño e avaliación dun kit persoal para previr as agresións sexuais por submisión química) onde leva a parte social e a comunicación do proxecto.

- Aproximación legal e recomendacións no acompañamento en casos de submisión química. Sònia Ricondo García. Avogada en activo especializada en violencia de xénero, violencia na infancia, mocidade e adiccións. Actualmente, traballa, entre outros espazos, no Observatorio Noctambul@s da Fundación Salud y Comunidad, onde estudamos, analizamos e asesoramos entre outros temas, en materia de violencia sexual, espazos nocturnos e consumo de drogas.

As xornadas tiveron moito éxito con mais de 100 persoas matriculadas.




*Figura 6: Cartel do programa da I Xornadas sobre submisión química*


I XORNADA
SUBMISIÓN QUÍMICA
E VIOLENCIAS MACHISTAS
Aproximación legal e recomendacións no acompañamento en casos de submisión química
Se unha persoa cercana sofre violencia sexual baixo submisión química
Saberías como actuar e acompañala?
SI
NON
SÒNIA RICONDO GARCÍA
Avogada e asesora en violencias sexuais. Observatorio Noctámbul@s.
OIX
galicia
XUNTA DE GALICIA
Xacobeo 21-22
Pacto de Estado


I XORNADA
SUBMISIÓN QUÍMICA
E VIOLENCIAS MACHISTAS
Violencia sexual e submisión química: poder e patriarcado
Saberías identificar as características de personalidade vinculadas á masculinidade sometida a estereotipos de xénero nas sociedades patriarcais?
OIX
Déixanos aquí as túas ideas!
Escribe algo...
MARÍA LAMEIRAS FERNÁNDEZ
Catedrática Área de Personalidade, Avaliación e Tratamentos Psicolóxicos. UVigo.
OIX
galicia
XUNTA DE GALICIA
Xacobeo 21-22
Pacto de Estado




*Figura 7: Imaxe para RRSS sobre a I Xornadas sobre submisión química*

## *b. Concurso de creacións artísticas para a prevención do acoso e para dar publicidade ao protocolo de actuación ante situacións de acoso sexual, por razón de sexo, por orientación sexual e identidade ou expresión de xénero (medida 8.254)*

Dentro do plan de comunicación do Protocolo da UDC, organizouse un concurso para elaborar diferentes creacións artísticas que axudasen a coñecer o protocolo contra o acoso entre a comunidade universitaria. No anexo IV inclúense as bases do concurso e a acta do xurado, coas persoas premiadas. Este ano foi elixido un cartel (Figura seguinte) que foi repartido e colgado en todos os centros universitarios. En segundo lugar foi premiado un podcast, ao que se lle deu publicidade nas redes sociais e na páxina web da OIX (podese escoitar na seguinte ligazón). No anexo IV recollese a documentación asociada a este concurso.




*Figura 5. Cartel gañador do concurso de difusión do Protocolo*

### *c. Encontros participativos para a elaboración do novo Protocolo fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo da UDC (medida 8.254)*

No texto para un novo protocolo de acoso no que se está a traballar, entendeuse como una aspecto chave da actuación fronte situacións de acoso, a primeira acollida dos casos, a través do acompañamento e o asesoramento ás vítimas. Para saber como facer esa primeira acollida e acompañamento, traballouse cunha técnica en igualdade especialista na materia que desenvolveu unha labor de asesoramento coas integrantes da Oficina e con outros axentes chave na loita pola igualdade nos distintos centros, facultades e escolas da UDC.

Como parte dese traballo de acompañamento para á actualización do protocolo de actuación da UDC ante situacións de violencia de xénero, violencias sexuais ou acoso e discriminación por razón de sexo, por orientación sexual e identidade ou expresión de xénero e poder elaborar un procedemento de atención ás violencias relacionadas co xénero adaptado á realidade actual da UDC, que atenda á súa diversidade e á complexidade da comunidade universitaria, decidiuse realizar unha serie de encontros participativos en toda a comunidade universitaria.

O obxectivo fundamental destes encontros foi coñecer a percepción das violencias machistas no ámbito da UDC por parte da comunidade universitaria, recoller propostas no ámbito da sensibilización, prevención e actuación ante os casos de violencia de xénero e outras violencias machistas no contexto universitario e tamén, recadar información respecto das necesidades da comunidade universitaria, en relación á violencia de xénero e outras violencias machistas. Por último, aproveitouse para dar a coñecer a revisión do Protocolo e facer partícipe do mesmo á Comunidade Universitaria.

Desenvolvéronse catro encontros participativos (1 de PAS, 1 de PDI e 2 de alumnado).

A organización dos encontros foi a seguinte:

| | |
|---|---|
| Benvida e Presentación do encontro: Obxectivos e metodoloxía | 10 minutos |
| 1ª acción participativa: Triángulo das violencias machistas | 35 minutos |
| 2ª acción participativa: Somos parte do protocolo | 45-55 minutos |
| 3ª acción participativa: Cuestionario participativo | 15-20 minutos |
| DURACIÓN TOTAL | 105-120 minutos |

Dentro das metodoloxías utilizadas caben destacar:

-TRIÁNGULO DAS VIOLENCIAS de Galtung para coñecer a percepción sobre o acoso na UDC.

-Dinámica inspirada no “Café do Mundo” con tres grupos: “queixa ou denuncia”, “medidas” e “prevención”.

Nesta última actividade, afondouse nalgunha das cuestións sobre as que se traballou ao longo do encontro, coa finalidade de recoller as principais conclusións, así como de destacar os principais consensos e os principais puntos de acordo ou desacordo sobre as cuestións traballadas no marco dos Encontros.

As principais conclusións obtidas poden resumirse nas seguintes:

-Necesidade de proporcionar ás vítimas apoio emocional e psicolóxico, así como orientación e asesoramento.

-Necesidade de establecer medidas de protección para as vítimas, medidas protectoras fronte a represalias e medidas correctoras para os agresores (sancións disciplinarias, formación obrigatoria).

-Hai unha opinión favorable e unánime respecto á necesidade de formación e sensibilización a toda a comunidade universitaria (especialmente persoas chave) non só na prevención das violencias, se non na propia detección e identificación.

-Necesidade de darlle visibilidade á Oficina de Igualdade, ao protocolo e as canles de denuncia/axuda/información

O anexo V recolle o informe do desenvolvemento dos encontros e os datos mais salientables.

## *d. Diagnose do II Plan de Igualdade (medida 8.255)*

Para coñecer a incidencia real dos obxectivos e das medidas previstas no II Plan de Igualdade da UDC, fíxose unha recompilación de datos desagregados por sexos coa finalidade de desenvolver un estudo diagnóstico do grao de consecución dos obxectivos previstos no referido plan de Igualdade.

A finalidade última da recompilación e tratamento dos datos e poder avaliar a situación en relación coa igualdade de homes e mulleres en relación cos seguintes aspectos previstos no Real Decreto 901/2020, de 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro: a) Proceso de selección e contratación; b) Clasificación profesional; c) Formación; d) Promoción profesional; e) Condicións de traballo, incluída a auditoría salarial entre mulleres e homes segundo o disposto no Real decreto 902/2020, do 13 de outubro, sobre igualdade salarial entre mulleres e homes. f) Exercicio corresponsable dos dereitos da vida persoal, familiar e laboral; g) Subrepresentación das mulleres; h) Retribucións; i) Prevención do acoso sexual e de xénero.

No anexo VI mostránse os principais datos desagregados por sexo recollidos no traballo da diagnose.

# 5. LISTAXE DE ANEXOS

Anexo I. Fichas resumo dos cursos de formación dirixidos ao alumnado

Anexo II. Fichas resumo dos cursos de formación dirixidos ao profesorado

Anexo III. Convocatoria do X Concurso Ángeles Alvariño e resolución

Anexo IV. Convocatoria e resolución do concurso de difusión do protocolo contra o acoso na UDC

Anexo V. Resultados dos encontros participativos

Anexo VI. Diagnose do II Plan de Igualdade

ANEXO I

# Fichas resumo dos cursos de formación dirixidos ó alumnado

Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**FICHA DO CURSO**
**PFOIX 2022-2023**

HR EXCELLENCE IN RESEARCH

OIX Oficina para a Igualdade de Xénero

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividade** | Curso | **Código:** | |

| | |
|---|---|
| **Título** | **Pílulas: a igualdade de xénero para a transformación persoal** |

| | | |
|---|---|---|
| **Destinatarios** | Alumnado 1º curso Grao - Náutica | |
| **Requisitos** | | |
| **Duración** | 12 horas | |
| **Datas e horario** | 28-30 setembro | |
| **Lugar / Modalidade** | ETS Náutica e Máq. | Presencial |
| **Prazas** | 57 | |

## Obxectivos

**Obxectivo xeral:**
Favorecer un espazo de autoreflexión sobre as identidades patriarcais e o impacto nas experiencias persoais do alumnado

**Obxectivos específicos**

- Aproximar ao alumnado unha mirada feminista das identidades e das súas vivencias
- Potenciar a reflexión sobre as consecuencias do sistema patriarcal na dimensión emocional, corporal e mental.

**Contidos**

- Sistema sexo-xénero -sexualidades
- Identidades patriarcais: masculinidades tensas vs feminidades sexualizadas
- Claves para a alfabetización emocional dende unha perspectiva de xénero

## Profesorado

**Nome:** Sara Vierna Fernández (Almas Meraki- almasmeraki.es)

**Observacións e recursos:**

Traballaremos cunha metodoloxía práctica e dinámica a partir de ferramentas de mindfulness, comunicación non violenta e a análise crítica do discurso, profundando nas aprendizaxes vitais das persoas participantes.

*Actividade financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad) a través do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade da Xustiza da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña.*

Pacto de Estado contra la violencia de género · GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE IGUALDAD · galicia · Xacobeo 21·22 · XUNTA DE GALICIA

Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**FICHA DO CURSO**
**PFOIX 2022-2023**

HR EXCELLENCE IN RESEARCH

OIX Oficina para a Igualdade de Xénero

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividade** | Curso | **Código:** | |

| | |
|---|---|
| **Título** | **Pílulas: a igualdade de xénero para a transformación persoal** |

| | | |
|---|---|---|
| **Destinatarios** | Alumnado 2º curso Grao - Náutica | |
| **Requisitos** | | |
| **Duración** | 8 horas | |
| **Datas e horario** | 20 e 21 outubro | |
| **Lugar / Modalidade** | ETS Náutica e Máq. | Presencial |
| **Prazas** | 57 | |

## Obxectivos

**Obxectivo xeral:**
Favorecer un espazo de autoreflexión sobre as identidades patriarcais e o impacto nas experiencias persoais do alumnado

**Obxectivos específicos**
- Aproximar ao alumnado unha mirada feminista das identidades e das súas vivencias
- Potenciar a reflexión sobre as consecuencias do sistema patriarcal na dimensión emocional, corporal e mental.

**Contidos**
- Sistema sexo-xénero -sexualidades
- Identidades patriarcais: masculinidades tensas vs feminidades sexualizadas
- Claves para a alfabetización emocional dende unha perspectiva de xénero

## Profesorado

**Nome:** Sara Vierna Fernández (Almas Meraki- almasmeraki.es)

**Observacións e recursos:**

Traballaremos cunha metodoloxía práctica e dinámica a partir de ferramentas de mindfulness, comunicación non violenta e a análise crítica do discurso, profundando nas aprendizaxes vitais das persoas participantes.

*Actividade financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad) a través do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade da Xustiza da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña.*

Pacto de Estado contra la violencia de género · GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE IGUALDAD · galicia · Xacobeo 21·22 · XUNTA DE GALICIA

Vicerreitoría de Igualdade, Cultura e Deporte
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**FICHA DO CURSO**
**PFOIX 2022-2023**

HR EXCELLENCE IN RESEARCH

OIX Oficina para a Igualdade de Xénero

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividade** | Curso | **Código:** | |

| | |
|---|---|
| **Título** | **Pílulas: a igualdade de xénero para a transformación persoal** |

| | | |
|---|---|---|
| **Destinatarios** | Alumnado Estrutura Computadores - Fac. Informática | |
| **Requisitos** | | |
| **Duración** | 4 horas | |
| **Datas e horario** | 3 outubro | |
| **Lugar / Modalidade** | Fac. Informática | Presencial |
| **Prazas** | 14 | |

## Obxectivos

**Obxectivo xeral:**
Favorecer un espazo de autoreflexión sobre as identidades patriarcais e o impacto nas experiencias persoais do alumnado

**Obxectivos específicos**
- Aproximar ao alumnado unha mirada feminista das identidades e das súas vivencias
- Potenciar a reflexión sobre as consecuencias do sistema patriarcal na dimensión emocional, corporal e mental.

**Contidos**
- Sistema sexo-xénero -sexualidades
- Identidades patriarcais: masculinidades tensas vs feminidades sexualizadas
- Claves para a alfabetización emocional dende unha perspectiva de xénero

## Profesorado

**Nome:** Sara Vierna Fernández (Almas Meraki- almasmeraki.es)

**Observacións e recursos:**

Traballaremos cunha metodoloxía práctica e dinámica a partir de ferramentas de mindfulness, comunicación non violenta e a análise crítica do discurso, profundando nas aprendizaxes vitais das persoas participantes.

*Actividade financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad) a través do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade da Xustiza da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña.*

# FICHA DO CURSO
# PFOIX 2022-2023

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividade** | Curso | **Código:** | |

| | |
|---|---|
| **Título** | **Pílulas: a igualdade de xénero para a transformación persoal** |

| | | |
|---|---|---|
| **Destinatarios** | Alumnado Sistemas de Información - Fac. Informática | |
| **Requisitos** | | |
| **Duración** | 3 horas | |
| **Datas e horario** | 4 outubro | |
| **Lugar / Modalidade** | Fac. Informática | Presencial |
| **Prazas** | 18 | |

## Obxectivos

**Obxectivo xeral:**
Favorecer un espazo de autoreflexión sobre as identidades patriarcais e o impacto nas experiencias persoais do alumnado

**Obxectivos específicos**
- Aproximar ao alumnado unha mirada feminista das identidades e das súas vivencias
- Potenciar a reflexión sobre as consecuencias do sistema patriarcal na dimensión emocional, corporal e mental.

**Contidos**
- Sistema sexo-xénero -sexualidades
- Identidades patriarcais: masculinidades tensas vs feminidades sexualizadas
- Claves para a alfabetización emocional dende unha perspectiva de xénero

## Profesorado

**Nome:** Sara Vierna Fernández (Almas Meraki- almasmeraki.es)

**Observacións e recursos:**

Traballaremos cunha metodoloxía práctica e dinámica a partir de ferramentas de mindfulness, comunicación non violenta e a análise crítica do discurso, profundando nas aprendizaxes vitais das persoas participantes.

*Actividade financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad) a través do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade da Xustiza da Xunta de Galicia e a Universidade da Coruña.*

# FICHA DO CURSO
# PFOIX 2022-2023



| | | | |
|---|---|---|---|
| **Actividade** | Curso | **Código:** | |

| | |
|---|---|
| **Título** | **Pílulas: a igualdade de xénero para a transformación persoal** |

| | | |
|---|---|---|
| **Destinatarios** | Alumnado de 1º de Camiños | |
| **Requisitos** | | |
| **Duración** | 2 horas | |
| **Datas e horario** | 8 setembro | |
| **Lugar / Modalidade** | Fac. Camiños | Presencial |
| **Prazas** | 70 | |

## Obxectivos

**Obxectivo xeral:**
Favorecer un espazo de autoreflexión sobre as identidades patriarcais e o impacto nas experiencias persoais do alumnado

**Contidos**

- Sistema sexo-xénero -sexualidades
- Identidades patriarcais: masculinidades tensas vs feminidades sexualizadas

## Profesorado

**Nome:** Sara Vierna Fernández (Almas Meraki- almasmeraki.es)

**Observacións e recursos:**

